


# ACTIVIDADES DE MÚSICA E MOVEMENTO



## 1. ESQUEMAS RÍTMICOS

- Colócase ao neno nunha posición fixa e pídeselle que de palmas, marcando os tempos que lle imos indicando, por exemplo: dar una palmada despois de contar tres (un, dous, tres, palmada).
  - A mesma actividade cos pés , contamos ata tres e no catro damos golpe co pé no chan (un- dous- tres- golpe no chan co pé).
  - A mesma actividade diante dunha mesa, pero desta volta dando tres golpes consecutivos coas palmas na mesa e ao decir catro faise unha palmada coas mans.
  - Os ritmos poden irse variando (un-dous-palmada, un-dous-pé)
  - A mesma actividade , contando ata tres ou ata catro, pero no tres ou no catro, tocar na cabeza, ou outras partes do corpo, para facelo máis divertido.
  - A pulsación: decimos o noso nome marcando cada sílaba cunha palmada. Isto mesmo podemos facelo con nomes de animais, froitas...o que queiramos
  - Xogo das estatuas musicais: xogar a marchar cun determinado ritmo pola casa e cando a música pare, paramos nós tamén, sen movernos nadiña.
- Para este xogo vai moi ben a "marcha Radetzky" de Strauss, ou deste mesmo compositor, unha polca. Podemos atopar estas pezas musicais en youtube.
- Sucesións de ordes rápidas; sentado-de pé-tumbado, de pé-sentado-tumbado!.

## 2. EXERCICIOS PARA AS MANS



- Mans extendidas sobre unha mesa, cos dedos separados. Pideselle que levante alternativamente cada un dos dedos. Primeiro cunha man logo cas dúas simultaneamente.
- Co dedo polgar tocar sucesivamente cada un dos dedos restantes da man. Primeiro cunha man e despois coas dúas á vez.
- Coa man pechada sobre a mesa, pideselle que extenda o dedo que se lle vaia indicando.
- Coas mans xuntas polas xemas dos dedos,intentar despegar as xemas dedo a dedo,primeiro polgares,logo índices...

## 3.MOVEMENTO

- Con un fondo musical suave(calquera peza de música clásica),irnos movendonos a gatas por debaixo dunha mesa,polo pasillo,arrastrarse debaixo dunha silla...
- Desplazámonos á pata coxa polo espazo do que dispoñamos.
- Imitar distintos animais -con características significativas-a través do movemento:xirafa,elefante,caracol,serpe...
- Audición:mentras escoitamos unha peza musical,facemos un debuxo.Esta actividade debe facerse con certa tranquilidade,procurando fixarnos na música,para poder espresar os nosos sentimentos a traves da arte.

Pódese escoitar,por exemplo:"a primavera" de Vivaldi,o "entroido dos animais" de Saint-Saëns,"Pedro e o lobo de Prokofiev ",xa que son pezas musicais que coñecen por traballalas previamente na aula,e podemos atopalas en youtube.



#### 4. XOGO:

adiviña que sona. Pídeselle ao neno ou nena que peche os ollos (pódense tapar cun pano), e escoite o son que se vai producir para adiviñar de qué se trata: unha palmada, as chaves, un golpe no chan ,pechar a porta, calquera obxecto que queramos tirar ao chan, unhas tixeiras recortando...

A segunda parte do xogo consiste en que o neno ou nena sexa o que busque obxectos para producir sons ou ruídos e que o adulto adiviñe.

-Son-silencio: o director da orquestra levanta os dous brazos e move a batuta, iso quere decir que podemos cantar ou facer que tocamos un instrumento,cando os brazos do director da orquestra paren, temos que quedar en silencio. Pódese ir facendo despacio, cun tempo máis prolongado e máis rápido, con pouco tempo entre o son e o silencio, para facelo máis divertido.

